



13-06-2022 Carballo INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Consideracións e recoñecementos previos**

1. En primeiro lugar queremos dirixirnos aos nenos e familias que se atopan en lista de espera, e manifestarlles a nosa esperanza de que pronto poidamos contar co apoio da Xunta de Galicia para que poidan ser atendidos sen demora en Atención Temperá.
2. En segundo lugar queremos tamén expresar as nosas desculpas a aquelas familias que non se sentiron acollidas ou ben atendidas nas súas demandas pois un principio fundamental da nosa práctica e conseguir esa colaboración. Estamos abertos a rectificar o que sexa necesario dentro das limitacións dos nosos recursos actuais e das regulacións que marca o Protocolo de Intervención.
3. En terceiro lugar quero manifestar o recoñecemento da miña asociación, de AGAT, ao actual equipo de profesionais da UDIAF e moi particularmente a súa Coordinadora Yaiza Antelo, pola súa entrega e dedicación.
4. En cuarto lugar quero agradecer as 402 familias que pasaron pola nosa Unidade a alta valoración que nos veñen dando ano tras ano nas enquisas de satisfacción. A última de 4,8 sobre 5. E tamén salientar o feito de que nestes anos non teñamos rexistrado ningunha reclamación. Esa valoración é unha motivación fundamental para o traballo.
5. En quinto lugar, a todos os concellos pero sobre todo ao concello de Carballo, moitas grazas pola súa constante colaboración, a cesión gratuíta do local e a disposición permanente a axudar, como ten feito moi especialmente durante a pandemia.
6. Gratidade tamén a todos os que en Bergantiños traballan no espazo 0-6 , educadores das escolas infantís, profesores dos centros educativos, pediatras, traballadores sociais, educadores familiares e tantos outros. Un pracer traballar con vos.

### **Algo de historia-**

AGAT é unha asociación profesional que xestiona en Galicia 3 Unidades de atención temperá. Dúas primeiras implementadas nas comarcas do Deza e Salnés no ano 2009 e unha terceira, esta de Bergantiños, en 2014.

Recordamos ben, e seguro que algún de vostedes tamén o lembra, que esta Unidade foi inaugurada pola DX de Política Social, Coro Piñeiro, do Partido Popular, e polo alcalde de Carballo, Evencio Ferrero, do Bloque Nacionalista Galego, nun clima excelente de colaboración entre todos os partidos e todas as administracións, algo que é tan difícil de ver hoxe.

Queremos recordar tamén, neste inicio, que AGAT implicouse en crear estas Unidades por iniciativa e con financiación da Xunta de Galicia co obxectivo de estudar e aplicar un novo modelo asistencial de Atención Temperá, un modelo de proximidade e centrado nas familias como o que hoxe prevalece en todo o mundo. Este traballo comezou a tomar corpo no Decreto 183/2013 de creación da Rede, Decreto que inclúe a formación dunha Comisión Autónoma Interconsellerías encargada expresamente da avaliación e planificación dos servizos.

Pero esta Comisión, e este é un dato moi importante, a partir da aprobación en 2014 do Protocolo que regula o traballo de caso non nos consta que se reunise moito mais. Dende logo non ten ditado ningunha directiva estratéxica relevante. Queremos dicir, unha Rede de estas características e esta responsabilidade precisa moito mais que un Protocolo de caso. Precisa criterios de planificación, criterios de financiación, criterios de dimensionamento, carteira de servizos e criterios de autorización e acreditación dos centros, documentos de organización e funcións, estándares e indicadores de calidade, e desde logo un órgano administrativo potente encargado de impulsar, de coordinar e vixiar unha Rede de tantos servizos, que precisa tanta coordinación entre Consellerías e servizos diversos e tanta responsabilidade.



## **O traballo da AGAT**

Nos levamos 13 anos traballando e recollendo datos e experiencias para esa Rede, poden consultalo se quere nas nosas publicacións. Levamos 13 anos tratando de dar coherencia e regular a calidade da Atención Temprá en Galicia. Para iso fixemos e implementamos as UDIAF.

## **Algunhas incoherencias**

Pero desde logo non fixemos as UDIAF para ter que ver algunhas cousas que vemos hoxe. Citaremos dous exemplos:

1. Vemos, por exemplo, convocatorias mal reguladas que permiten que Agrupacións de Concellos que non teñen que atender mais de 20 ou 30 nenos cada ano reciban mais cartos e teñan mais medios que outras que teñen demandas de mais de 100. Se poñen en correlación a resolución do DOG Núm. 91-Mércores, 11 de maio de 2022, cos datos de poboación de 0a 6 anos veran que a ausencia de criterios técnicos poden crear situacións de desigualdade e de falta de equidade na atención aos nenos e as familias.
2. Vemos tamén, por exemplo, que as nosas Unidades, as Unidades de AGAT que financia ao 100% a Consellería de Política Social, levan 13 anos en situación práctica conxelación, de inverno orzamentario. Mentres en 2009 recibimos 100.000 € por unidade, en 2022 recibimos 115.500€. O que non permite mais que ter 1 equipo de 3 profesionais atendendo a comarcas de 1.500 nenos no Deza, 2.100 aquí en Bergantiños e 4.500 no Salnés. Así pode entenderse que a día de hoxe haxa 100 días de demora no Deza, 252 en Bergantiños e mais dun ano no Salnés.

## **Unha situación coñecida**

AGAT pode asegurar que leva anos advertindo desta situación e pedindo solucións, tanto a Xunta de Galicia, que é quen nos financia, como a FEGAMP, como aos partidos políticos de todo o arco parlamentario. Como se pode comprobar nas hemerotecas e nas memorias públicas de actividades.

A pesar de que dende hai tempo contamos coa promesa de mellorar o convenio e facer outro para crear unha segunda unidade no Salnés e reforzar Bergantiños, a día de hoxe os convenios seguen sen actualizarse.

## **O paradoxo do eloxio e a conxelación**

En 2019 co motivo do 10º aniversario das UDIAFs fixemos un documento onde de forma esquemática reflexamos as bases e criterios necesarios para organización técnica de esta Rede.

Resulta contradictorio que a Xunta de Galicia por unha banda describa as nosas Unidades como exemplares, que nos encarga a formación dos profesionais das novas Unidades, que subvencione os nosos congresos, que nos pida axuda para organización informática da Rede e sen embargo, manteña conxelado o convenio asistencial permitindo que creza a lista de espera ata os datos que xa coñecen. Tamén nos parece contradictorio que a través das subvencións a concellos poida descolgarse un concello (neste caso o de Laracha), e que este concello teña acceso a mais cartos e mais medios – 123.000 € e 4 profesionais – que os que ten AGAT – 115.000 € e 3 profesionais – para atender cinco veces mais nenos e o resto de concellos da comarca de Bergantiños.

Se partimos de que a Atención Temprá é un dereito de todos os nenos sen distinción, sería mais razoable que se sumaran os recursos de forma solidaria para toda a comarca, o que acabaría coa lista de espera en pouco tempo.



## **Concluindo**

A Asociación Galega de Atención Temperá fixo estas Unidades para crear en Galicia un sistema moderno de Atención Temperá. A nosa función era a de amosar que este dispositivo asistencial era necesario e a de darlle a sociedade galega as bases técnicas para organizar un servizo de calidade, función que creemos que está cumprida con creces. Pero, lamentablemente no despregamento da rede se están a producir desigualdades é inequidades que non parecen aceptables.

Por outra parte, AGAT síntese moi a desgusto pensando que a súa presenza como xestor destas tres UDIAFs (Deza, Salnés e Bergantiños), se este a converter nun factor de discriminación negativa para os nenos e as familias das comarcas as que servimos. Non se traballa nada ben con listas de espera cando se sabe da importancia dos primeiros anos de vida.

Creemos que estamos nun punto, no que hai que buscar solucións sen dilación, especialmente se parece que hai cartos que poden axudar a resolver estas desigualdades.

Segundo a resolución do DOG Núm. 91 – Mércores, 11 de maio de 2022, nos orzamentos da Consellería de Política Social hai 5.865.989,50€ euros para estes servizos, dos que tan só se comprometeron ata a data 3.785.858,74 €, ¿non sería posible utilizar os 2 millóns de euros restantes para fortalecer os servizos destas comarcas deficitarias?

AGAT no seu papel, como asociación profesional sen outro interese que a mellor formación dos profesionais e a implementación do mellor modelo asistencial para servir aos nenos e ás familias en situacións vulnerables, ofrecese de novo a Xunta de Galicia, a FEGAMP, as organizacións políticas e os Concellos implicados, para tratar de haxa un dialogo eficaz e se poida atopar un sistema de Atención Temperá que chegue de forma equitativa a tódolos nenos e nenas de Galicia.

**No momento de elaborar esta información, recibimos unha chamada da Xunta de Galicia propoñendo un novo convenio e a actualización do existente, estamos en espera de recibir unha convocatoria formal que permita avanzar na súa concreción.**

Moitas grazas pola súa atención.